d) La base jurídica del tratamiento de los datos aportados con la solicitud es la necesidad de esos datos para el cumplimiento de las obligaciones legales que impone la legislación general de subvenciones, en tanto que Administración pública concedente (artículo 6.1.c) del Reglamento UE 2016/679) y, en el caso de los datos para acreditación del cumplimiento de los requisitos específicos de la convocatoria y valoración de solicitudes, la necesidad de esos datos para dar satisfacción a la finalidad de interés público perseguida con la presente convocatoria (artículo 6.1.e) del Reglamento UE 2016/679).

e) Los datos suministrados al concello serán tratados por el personal autorizado para la tramitación de la solicitud, sujetos a deber de reserva.

Sin perjuicio de lo anterior, los datos suministrados por el solicitante podrán ser cedidos a terceras personas en los siguientes casos:

- A miembros de la corporación que lo soliciten, a los juzgados y tribunales, a los efectos de la resolución de los recursos

judiciales que puedan interponerse contra la decisión de adjudicación, así como al Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas y Consejo de Cuentas, en la medida en que sea necesario para el ejercicio de las funciones de estas autoridades públicas.

- A las personas que lo soliciten al amparo de lo dispuesto en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia y buen gobierno, previo expediente contradictorio con audiencia del/la interesada/o titular de los datos y en los términos previstos en dicha ley.

f) En ningún caso se transferirán sus datos personales a un tercer país ni a una organización internacional.

g) Los datos suministrados se conservarán en los archivos del Ayuntamiento de forma indefinida, para los únicos efectos de su conservación conforme a lo dispuesto en la legislación sobre archivos del sector público y en la legislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Las personas interesadas podrán solicitar en todo momento de la Alcaldía del Ayuntamiento el acceso a sus datos, así como a su rectificación, en su caso. Podrá solicitarse la limitación del tratamiento de dichos datos, referida a su publicación, una vez transcurrido el plazo de cuatro años previsto en las presentes bases. Podrá formularse igualmente la oposición al tratamiento de los datos, motivada por la situación particular del interesado, en los términos previstos en el artículo 21 del Reglamento UE 2016/679.

Los derechos señalados en este apartado podrán ejercerse mediante escrito dirigido a la Alcaldía del ayuntamiento. De conformidad con lo dispuesto en el artículo 20.3 del Reglamento UE 2016/679, no será de aplicación el derecho a la portabilidad de los datos suministrados al ayuntamiento en este procedimiento.

i) En todo caso, las/os interesadas/os podrán formular las reclamaciones que considere oportunas en relación con el tratamiento de sus datos personales ante la Agencia Española de Protección de Datos.

j) En ningún caso se procederá a la adopción de decisiones automatizadas ni a la elaboración de perfiles personales con los datos suministrados, que no serán objeto de tratamientos diferentes a los expresamente previstos en esta cláusula.

El alcalde. Fdo. Luis Menor Pérez.

(Ver anexos pág. 17-18)

**MODELO OFICIAL DE INSTANCIA DE SOLICITUD****PLAN REACTIVA**

(Ayudas al impulso de la actividad económica en el término municipal de O Pereiro de Aguiar para paliar los efectos del COVID-19)

Formulario de solicitud de subvenciones para trabajadores autónomos del municipio de O Pereiro de Aguiar que se acogiesen al cese de actividad en la crisis del COVID 19.

**SOLICITANTE:**

Nombre y apellidos del solicitante: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Teléfono móvil: \_\_\_\_\_ Teléfono fijo: \_\_\_\_\_

**REPRESENTANTE (en su caso):**

Nombre y apellidos del representante: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Teléfono móvil: \_\_\_\_\_ Teléfono fijo: \_\_\_\_\_

**DATOS DE LA ACTIVIDAD ECONÓMICA EJERCIDA:**

Domicilio de la actividad: \_\_\_\_\_

Descripción de la actividad: \_\_\_\_\_

**EXPONE:**

1. Que ejerce una actividad empresarial, profesional o artística por cuenta propia en el municipio de O Pereiro de Aguiar, acogiéndose al cese de actividad al amparo de lo previsto en el artículo 17 del Real Decreto Ley 8/2020, de 17 de marzo, como consecuencia de la crisis sanitaria del COVID - 19, o no acogiéndose a dicho cese por encontrarse en situación de incapacidad temporal o baja por maternidad, paternidad, adopción por acogimiento o tutela de un familiar durante el estado de alarma (pero concurriendo el resto de requisitos previstos para la prestación extraordinaria por cese de actividad en el artículo 17 del Real Decreto Ley 8/2020, de 17 de marzo).
2. Que cumple los requisitos previstos para la obtención de subvenciones previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, hallándose al corriente de sus obligaciones tributarias y de Seguridad Social, así como en el pago de las obligaciones por reintegro de subvenciones, comprometiéndose a mantener el cumplimiento de las anteriores obligaciones durante el periodo de tiempo inherente al reconocimiento o ejercicio del derecho al cobro de la subvención, así como a acreditarlo en cualquier momento en el que le sea requerido por el órgano concedente de la subvención.
3. Que se compromete al cumplimiento de las obligaciones que como beneficiario de la subvención establecen las bases reguladoras, en particular al sometimiento a las actuaciones de control financiero que pueda acordar el Concello de O Pereiro de Aguiar.



**SOLICITA:** *la concesión de la subvención prevista en las bases reguladoras de la convocatoria aprobadas por la Junta de Gobierno Local del Concello de O Pereiro de Aguiar de 17 de junio de 2020.*

**DOCUMENTACIÓN QUE APORTA:**

- *Copia de la resolución de reconocimiento de la prestación extraordinaria por cese de actividad prevista en el artículo 17 del Real decreto ley 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacerle frente al impacto económico y social del COVID-19.*
- *Certificación actualizada de situación censal, expedida con posterioridad a 31 de diciembre de 2019 por la Agencia Estatal Tributaria o por este Ayuntamiento donde se ejerce la actividad, en los que se indique la actividad económica ejercida y el domicilio de la actividad económica. La certificación o será del propio autónomo como persona física o de la persona jurídica o entidad sin personalidad jurídica a través de la que se ejerza la actividad y a la que esté vinculado.*
- *Certificado de titularidad de la cuenta corriente donde desea que se realice el ingreso de la subvención, expedido por la correspondiente entidad de crédito.*
- *Copia del poder de representación del interesado (solo en el caso de que la solicitud se formule a través de representante).*
- *Copia de la escritura de constitución de la persona jurídica, debidamente actualizada e inscrita en el registro oficial correspondiente, o bien copia del contrato o título constitutivo de la sociedad civil, comunidad de bienes o entidad sin personalidad jurídica de que se trate (solo en el caso de autónomos societarios que ejerzan su actividad a través de dichas entidades).*
- *Escrito de oposición expresa a la consulta de sus datos de identidad o los del representante a través de las plataformas de intermediación electrónica de las administraciones públicas (opcional)*
- *Copia del DNI del solicitante y su representante (opcional, para el caso de formular oposición a la consulta de datos de identidad).*
- *Resolución de declaración o reconocimiento de la situación de baja de que se trate, o justificante de la presentación de la correspondiente solicitud de baja ante la mutua o Tesorería General de la Seguridad Social (solo para autónomos que no obtuvieron cese de actividad por encontrarse de baja).*
- *En el caso de que la actividad del autónomo no se viese suspendida por el Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, acreditación de la reducción de la facturación cuando menos en un 75 %, mediante cualquiera de los medios previstos en el apartado 10 del artículo 17 del Real Decreto Ley 8/2020 de 17 de marzo (solo para autónomos que no obtuvieron cese de actividad por encontrarse de baja)*

*Firma (solo en el caso que se presente de forma presencial).*

## O Pereiro de Aguiar

### Anuncio

Aprobación das bases reguladoras de axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de O Pereiro de Aguiar, para paliar os efectos do covid-19: liña de axudas para pequenas empresas.

Mediante Resolución da Alcaldía de data do 18 de xuño de 2020 aprobáronse as bases reguladoras de axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Pereiro de Aguiar, para paliar os efectos do COVID-19: liña de axudas para pequenas empresas.

Dando cumprimento á referida Resolución, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento mediante anuncios na sede electrónica do Concello de Pereiro de Aguiar e, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

O Pereiro de Aguiar, 19 de xuño de 2020. O alcalde.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

“Bases reguladoras de axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de O Pereiro de Aguiar, para paliar os efectos do covid-19: liña de axudas para pequenas empresas.

O brote de coronavirus COVID-19 xerou circunstancias extraordinarias e graves que provocan unha crise sanitaria de enorme magnitude que afectou e sigue afectando aos cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, sociais e económicas excepcionais, que requiren a adopción de medidas extraordinarias co fin de axudar a mitigarlas.

O papel dos concellos na crise económica e de emprego que nos estamos a vivir é fundamental xa que tanto as administracións do estado e da autonomía proporcionan recursos de carácter máis xeral polo que son os concellos quen pode ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e de emprego mediante o deseño dunha estratexia de promoción económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos diferentes programas ás necesidades locais.

O papel que cumpren as entidades locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do mesmo, como complementaria a exercida por outras administración, e que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego; define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas, polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

Primeira.- Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada polo COVID-19, e impulsar a actividade económica no termo municipal de Pereiro de Aguiar, outorgando axudas para paliar as perdas económicas ás pequenas empresas deste municipio afectadas máis directamente. As

mesmas buscan facilitar o cumprimento das súas obrigas empresariais, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión, polo Concello do Pereiro, de subvencións a pequenas empresas que exerzan actividades empresariais no municipio.

Segunda.- Normativa aplicable.

1.- O procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia non competitiva, previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nas Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2019 prorrogado para o 2020.

2.- Ao abeiro do establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na tramitación do procedemento non se realizarán notificacións de carácter individual, substituíndose estas pola publicación de anuncios na sede electrónica do Concello, nos termos previstos na base sexta.

Terceira.- Persoas beneficiarias das subvencións. Requisitos.

Poderán ser beneficiarias destas axudas ás persoas físicas ou xurídicas ou as entidades sen personalidade xurídica que cumpran os seguintes requisitos:

a) Exercer unha actividade económica no municipio de Pereiro de Aguiar, figurando dados de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Entenderase que a actividade se exerce neste municipio cando o domicilio da actividade estea situado no dito termo municipal. Considerarase como domicilio da actividade económica o que figure na matrícula do Imposto de Actividades Económicas.

b) Trátase de pequenas empresas que cumpran de forma conxunta os seguintes dous requisitos:

- Ter un número de traballadores inferior a dez persoas a data 14 de marzo de 2020.

- Ter, no exercicio 2019, unha facturación anual a afectos do IVE inferior a un millón de euros.

c) Que a actividade económica realizada non se vise afectada polo peche obrigatorio durante o estado de alarma declarado como consecuencia da pandemia do COVID-19.

Para estes efectos, non se terá en conta como situación de peche obrigatorio o período comprendido entre o 30 de marzo e o 9 de abril de 2020, no que, conforme ao establecido no Real Decreto Lei 10/2020 de 29 de marzo, foron obxecto de paralización todas as actividades consideradas como non esenciais na dita norma.

d) Que a súa facturación a efectos do IVE durante o período de 14 de marzo ao 30 de maio de 2020 se vise reducida nun 50 % ou máis con respecto á facturación media do exercicio 2019. Para estes efectos, a acreditación deste requisito realizarase mediante a comparación entre a facturación a efectos do IVE realizada en 2019 declarada ante a Axencia Estatal Tributaria (dividida entre 12 e multiplicada por 1,5) e a facturación correspondente ao período entre o 14 de marzo e o 30 de maio de 2020 resultante do libro rexistro de facturas emitidas do solicitante.

Cuarta. Disponibilidade orzamentaria.

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 231 47909 ata un máximo de 50.000 € (cincuenta mil euros).



Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento deste programa.

Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible nas aplicacións orzamentarias sinaladas, queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas polos importes que correspondan.

#### Quinta.- Contía das subvencións

A subvención á que poderán acceder as persoas ou entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria determinarase conforme ás seguintes regras:

a) A subvención será idéntica na súa contía para todos os solicitantes.

b) O importe da subvención determinarase unha vez pechado o prazo de presentación das solicitudes, dividindo o crédito orzamentario dispoñible entre o número de solicitudes con dereito a subvención.

c) En todo caso, a subvención non poderá exceder de 1.000 euros por solicitante.

Sexta.- Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.

1.- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Pereiro de Aguiar ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro (norma vixente, conforme ao establecido na Disposición Final 7ª da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

A presentación poderá realizarse de modo presencial ou telemático, neste último caso a través da sede electrónica do Concello de Pereiro (<https://concellopereiro.sedelectronica.gal/info.0>) utilizando o trámite de solicitude de instancia xeral dispoñible na sede.

Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

2.- O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Provincia de Ourense.

3.- As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal [www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

5.- Coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Formulario normalizado, que se porá a disposición dos interesados na web do Concello do Pereiro. O formulario incluíra unha declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os interesados deberán indicar no formulario unha dirección de correo electrónico de contacto para a posta a disposición das notificacións electrónicas que se practiquen no procedemento. En defecto da dita dirección de correo electrónico, as notificacións practicarase en todo caso na sede electrónica do Concello, sen que a falla de remisión do aviso da posta a disposición da dita notificación impida que esta desprenda os seus efectos.

b) Certificación actualizada de situación censal, expedida pola Axencia Estatal Tributaria con posterioridade a 31 de decembro de 2019, na que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da actividade económica, ou por este Concello onde se exerza a actividade, na que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da mesma.

c) Documento RLC (Relación de liquidación de cotizacións) correspondente ao mes de marzo de 2020 ou, no seu caso, documento TC1 do mesmo período.

d) Copia do modelo 390 presentado ante a Axencia Estatal Tributaria, no que se recolla o resumo anual da facturación por IVE correspondente ao exercicio 2019.

No suposto no que o solicitante non estea obrigado á presentación do modelo 390, presentarase unha certificación ou informe da Axencia Estatal Tributaria no que conste o resumo da facturación anual por IVE do exercicio 2019.

e) Copia do libro rexistro de facturas emitidas polo solicitante no período de 14 de marzo ao 30 de maio de 2020.

f) Certificado de titularidade da conta corrente onde desexa que se realice o ingreso da subvención, expedido pola correspondente entidade de crédito.

g) No suposto no que o solicitante sexa unha persoa xurídica ou unha entidade sen personalidade xurídica, deberá achegarse copia da escritura de constitución da persoa xurídica, debidamente actualizada e inscrita no rexistro oficial correspondente, ou ben copia do contrato ou título constitutivo da sociedade civil, comunidade de bens ou entidade sen personalidade xurídica de que se trate.

h) Copia do poder de representación do interesado, no caso de que a solicitude se formule a través de representante.

A esixencia da documentación indicada xustifícase pola falla de dispoñibilidade de acceso á mesma a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

6.- De conformidade co establecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Pereiro de Aguiar consultará de oficio, a través das plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, a documentación acreditativa das seguintes circunstancias dos interesados:

a) Identidade da persoa física solicitante ou do representante da persoa física ou xurídica ou da entidade sen personalidade xurídica solicitante.

Non obstante o anterior, no suposto no que os interesados se opoñan expresamente á dita consulta deberán achegar a seguinte documentación:

• DNI, NIE ou documento que o substitúa da persoa física solicitante ou do representante da persoa física ou xurídica ou da entidade sen personalidade xurídica solicitante.

Igualmente, no suposto no que por razóns técnicas resultase imposible a consulta de datos nas plataformas de intermediación, o Concello poderá requirir aos interesados a presentación dos documentos correspondentes.

7.- En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información para a presentación da solicitude, as persoas interesadas poderán dirixirse ao Concello mediante correo electrónico dirixido a reactiva@pereiro.gal, indicando a consulta que se formula e un teléfono de contacto. Esta posibilidade estará dispoñible durante o prazo de presentación de solicitudes.

Sétima.- Tramitación e xestión das solicitudes e concesión de subvencións.

1.- Sen prexuízo da posibilidade da presentación das solicitudes de modo presencial, a súa tramitación será exclusivamente electrónica, de conformidade co disposto no artigo 14.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación co disposto no artigo 7.2 c) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos públicos (BOP nº 299, do 31 de decembro de 2010).

En consecuencia, tódalas notificacións que se practiquen no procedemento realizaranse de forma electrónica na sede electrónica do Concello, comunicándose a súa posta a disposición mediante correo electrónico que se remitirá á dirección indicada polos interesados na súa solicitude. En defecto da dita dirección de correo electrónico, as notificacións practicaranse en todo caso na sede electrónica do Concello, sen que a falla de remisión do aviso da posta a disposición da dita notificación impida que esta desprenda os seus efectos.

2.- Recibidas as solicitudes, os servizos administrativos do Concello de Pereiro de Aguiar, procederán ao seu estudo, tramitándose nos seguintes termos:

a) No caso de que a documentación presentada estivese incompleta, o Concello publicará na súa sede electrónica un requirimento de emenda de deficiencias, concedendo un prazo de dez días hábiles para a presentación da documentación ou emenda de erros que proceda.

No anuncio de requirimento de emenda de deficiencias identificarse aos interesados polo número de rexistro de entrada que figure na súa solicitude.

O Concello remitirá un correo electrónico aos solicitantes, á dirección de correo electrónico indicada na súa solicitude, cun aviso da publicación do anuncio na sede electrónica.

b) Unha vez concluído o proceso de instrución, a Alcaldía ditará resolución co seguinte contido:

- As solicitudes non admitidas a trámite, por terse presentado fóra de prazo ou ser insuficiente a documentación presentada e non ter emendado en prazo as deficiencias documentais observadas.

- Solicitudes denegadas, por incumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria.

- Solicitudes concedidas, con indicación da contía da subvención aplicable.

A resolución que se dite publicarase na sede electrónica do Concello de Pereiro de Aguiar, servindo este anuncio de notificación aos interesados. O Concello remitirá un correo electrónico aos solicitantes, á dirección de correo electrónico indicada na súa solicitude, cun aviso da publicación do anuncio na sede electrónica.

No dito anuncio, a identidade dos solicitantes realizarase mediante o número de rexistro de entrada da súa solicitude.

3.- O pagamento das subvencións concedidas realizarase de oficio, mediante transferencia á conta corrente indicada polos solicitantes, no prazo máximo de quince días naturais dende a data de publicación na sede electrónica da resolución de concesión.

Oitava.- Xustificación da subvención. Control financeiro.

En atención ó previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante da situación definida na base 3ª, as subvencións entenderanse xustificadas polo acto da concesión.

Sen prexuízo do anterior, a Intervención do Concello poderá realizar controis financeiros das subvencións pagadas e concedidas, de conformidade co establecido no Título III da Lei Xeral de Subvencións. Agás no caso de que as actuacións de control financeiro se estendan á totalidade dos beneficiarios, a súa realización levarase a cabo sobre unha mostra de beneficiarios determinada de xeito aleatorio, debendo quedar constancia no expediente do procedemento seguido para a súa determinación.

Se no procedemento de control financeiro se advertise a existencia de causas legais de reintegro previstas na Lei Xeral Subvencións, o Concello iniciará de oficio os expedientes correspondentes, dentro do prazo de prescrición da acción de reintegro.

Novena.- Compatibilidade

A percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, pola Comunidade Autónoma de Galicia, pola Deputación Provincial de Ourense ou por calquera outra administración pública diferente ao Concello de Pereiro.

Décima.- Normativa Supletoria.

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Décima primeira.- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento polo Concello dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello de Pereiro de Aguiar, cuxo representante legal é o seu Alcalde, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de notificacións na praza do Concello, n.º 1, 32710, en O Pereiro de Aguiar (Ourense), teléfono de contacto 988259385 e correo electrónico: info@concellopereiro.com.



b) O delegado de protección de datos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en concello.pereirodeaguiar@eidolocal.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria.

En cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Pereiro.

Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 20.8.b) da Lei Xeral de Subvencións, non serán obxecto de publicación os datos persoais dos beneficiarios, que unicamente se cederán a terceiros nos supostos previstos no apartado e) desta base, se é necesario para a satisfacción do interese lexítimo seguido polo responsable do tratamento o polo terceiro ao que se comuniquen os datos, sempre que non prevaleza o dereito do interesado de acordo coa normativa de protección de datos.

A estes efectos, na publicación cada subvención concedida identificarase exclusivamente polo número de rexistro de entrada da solicitude correspondente. As publicacións referidas manterase durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio polo Concello ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados ao Concello serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polo solicitante poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Alcaldía do Concello o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Concello neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

O alcalde. Asdo. Luis Menor Pérez.

(Ver anexos páx. 23-24)

**MODELO OFICIAL DE INSTANCIA DE SOLICITUDE****PLAN REACTIVA**

(Axudas ao impulso da actividade económica no termo municipal do Pereiro de Aguiar para paliar os efectos do COVID-19)

**Formulario de solicitude de subvencións para pequenas empresas do municipio de Pereiro de Aguiar que se acollesen ao cesamento de actividade na crise do COVID 19.**

**SOLICITANTE:**

Nome e apelidos do solicitante: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Teléfono fixo: \_\_\_\_\_

**REPRESENTANTE (no seu caso):**

Nome e apelidos do representante: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

Domicilio: \_\_\_\_\_ Correo electrónico: \_\_\_\_\_

Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ Teléfono fixo: \_\_\_\_\_

**DATOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA EXERCIDA:**

Domicilio da actividade: \_\_\_\_\_

Descrición da actividade: \_\_\_\_\_

**EXPÓN:**

1º) Que a persoa física ou entidade solicitante exerce unha actividade económica neste municipio de Pereiro de Aguiar, mantendo a súa actividade durante o estado de alarma e sufrindo entre o 14 de marzo e o 30 de abril de 2020 unha caída na súa facturación a efectos do IVE igual ou superior ao 50 % respecto da súa facturación media no exercicio 2019.

2º) Que a persoa ou entidade solicitante ten menos de dez traballadores e a súa facturación a efectos do IVE en 2019 foi inferior a 1 millón de euros.

3º) Que cumpre os requisitos previstos para a obtención de subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, estando ao corrente das súas obrigacións tributarias e de Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, así como a acreditálo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

4º) Que se compromete ao cumprimento das obrigacións que como beneficiario da subvención establecen as bases reguladoras, en particular ao sometemento ás actuacións de control financeiro que poida acordar o Concello de Pereiro de Aguiar.



**SOLICITA:** a concesión da subvención prevista nas bases reguladoras da convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pereiro de Aguiar de 17 de xuño de 2020.

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:**

- *Certificación actualizada de situación censal, expedida con posterioridade ao 31 de decembro de 2019 pola Axencia Estatal Tributaria ou por este Concello onde se exerza a actividade, na que se indique a actividade económica exercida e o domicilio da mesma.*
- *Copia do documento RLC (Relación de liquidación de cotizacións) correspondente ao mes de marzo de 2020 ou, de ser o caso, documento TC1 do mesmo período.*
- *Copia do modelo 390 presentado ante a Axencia Estatal Tributaria, no que se recolla o resumo anual da facturación por IVE correspondente a 2019. Se o solicitante non estivese obrigado á presentación do modelo 390, presentárase unha certificación ou informe da Axencia Estatal Tributaria no que conste o resumo da facturación anual por IVE de 2019.*
- *Copia do libro rexistro de facturas emitidas polo solicitante no período do 14 de marzo ao 30 de maio de 2020.*
- *Copia da escritura de constitución da persoa xurídica, debidamente actualizada e inscrita no rexistro oficial correspondente, ou ben copia do contrato ou título constitutivo da sociedade civil, comunidade de bens ou entidade sen personalidade xurídica de que se trate.*
- *Certificado de titularidade da conta corrente onde desexa que se realice o ingreso da subvención, expedido pola correspondente entidade de crédito.*
- *Copia do poder de representación do interesado (só no caso de que a solicitude se formule a través de representante).*
- *Escrito de oposición expresa á consulta dos seus datos de identidade ou os do representante a través das plataformas de intermediación electrónica das administracións públicas (opcional)*
- *Copia do DNI do solicitante e o seu representante (opcional, para o caso de formular oposición á consulta de datos de identidade).*

*Firma (Só no caso que se presente de forma presencial).*

### Anuncio

Aprobación de las bases reguladoras de ayudas para el impulso de la actividad económica en el término municipal de O Pereiro de Aguiar, para paliar los efectos del covid-19: línea de ayudas para pequeñas empresas.

Mediante Resolución de la Alcaldía de fecha de 18 de junio de 2020 se aprobaron las bases reguladoras de ayudas para el impulso de la actividad económica en el término municipal de Pereiro de Aguiar, para paliar los efectos del COVID-19: línea de ayudas para pequeñas empresas.

Dando cumplimiento a la referida Resolución, se procede a la publicación íntegra de las mismas para general conocimiento mediante anuncios en la sede electrónica del Ayuntamiento de Pereiro de Aguiar y, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones, en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.

O Pereiro de Aguiar, 19 de junio de 2020. El alcalde.

Fdo. Luis Menor Pérez.

“Bases reguladoras de ayudas para el impulso de la actividad económica en el término municipal de O Pereiro de Aguiar, para paliar los efectos del covid-19: línea de ayudas para pequeñas empresas.

El brote de coronavirus COVID-19 generó circunstancias extraordinarias y graves que provocan una crisis sanitaria de enorme magnitud que afectó y sigue afectando a los ciudadanos y familias con consecuencias sanitarias, sociales y económicas excepcionales, que requieren la adopción de medidas extraordinarias con el fin de ayudar a mitigarlas.

El papel de los ayuntamientos en la crisis económica y de empleo que estamos viviendo es fundamental ya que tanto las administraciones del Estado y de la Autonomía proporcionan recursos de carácter más general por lo que son los ayuntamientos quienes puede ensamblar e adaptar su realidad local particular, ejerciendo sus competencias en materia de desarrollo económico local y de empleo mediante el diseño de una estrategia de promoción económica capaz de identificar y valorizar los recursos y proceder a la adaptación de los diferentes programas a las necesidades locales.

El papel que cumplen las entidades locales de apoyo al desarrollo local y al empleo, lejos de invadir competencias o producir duplicidad alguna, hacen posible también la efectividad de la dimensión local del mismo, como complementaria la ejercida por otras administraciones, y que apunta tanto la Ley Nacional de Empleo (art. 4, R.D.L. 3/2015), como la Comisión Europea, que en su documento de Actuación local a favor del empleo para una estrategia europea del empleo; define el ámbito local como aquel nivel que permite detectar las necesidades locales no satisfechas, por lo que lejos de ser un ámbito en el que únicamente se pongan en práctica decisiones adoptadas en otros ámbitos puede combinar diferentes instrumentos y desarrollar formas de dar valor añadido a las decisiones tomadas en niveles superiores alcanzando un más adecuado nivel de precisión en cada territorio.

Primera.- Objeto

